



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 99
12 de abril de 2017



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación sen modificacións

I 4491 (10/PNC-000431)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a regulación dos mecanismos de planificación e avaliación normativa derivados das recomendacións europeas [26020](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 4393 (10/PNC-000414)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen, e trece deputados/as máis

Sobre a implantación polo Goberno galego dun observatorio cidadán de avaliación de políticas públicas e rendición de contas independente [26020](#)

I 6970 (10/PNC-000707)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa supresión de cinco rexistros da propiedade na provincia de Ourense, establecida no Real decreto 195/2017, do 3 de marzo [26020](#)

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 5989 (10/PNC-000591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e tres deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da autorización legal necesaria que lles permita ás entidades locais o investimento do seu superávit orzamentario no ano 2017 sen ter que xerar ingresos polo mesmo importe [26021](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 5666 (10/PNC-000545)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de presentación dunha iniciativa lexislativa de reforma do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no referido ao réxime legal e ás liquidacións do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, ou plusvalía municipal, practicadas polos concellos

[26021](#)

I 5690 (10/PNC-000551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre a xestión do Igape, en particular, das axudas en forma de aval nos exercicios 2011-2013

[26022](#)

I 6255 (10/PNC-000619)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia desde unha perspectiva de xénero, desagregando por sexo os indicadores relacionados coas persoas

[26022](#)

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 5064 (10/PNC-000483)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos, e seis deputados/as

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego con motivo da homenaxe no Día das Letras Galegas do ano 2017 ao escritor Carlos Casares Mouriño

[26022](#)

I 7058 (10/PNC-000721)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para difundir a vida e obra de Domingo Fontán, así como para a conmemoración no ano 2017 do 200 aniversario dos comezos da elaboración da *Carta Xeométrica*

[26023](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 4913 (10/PNC-000476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre a apertura pola Xunta de Galicia dun proceso de diálogo co sector do teatro para elaborar uns novos criterios que rexan os procesos de selección de actores e actrices do Centro Dramático Galego co fin de garantir o proceso artístico [26023](#)

I 5162 (10/PNC-000496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación polo Concello de Oia do expediente referido ao proxecto presentado pola sociedade propietaria do real mosteiro de Oia para a súa rehabilitación e conversión un complexo hoteleiro, residencial e turístico

[26023](#)

I 5556 (10/PNC-000533)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a ampliación polo Goberno galego da oferta pública de formación profesional na Costa da Morte, especificamente no referido aos graos da rama agropecuaria, forestal, hostaleira e marítima

[26024](#)

I 6573 (10/PNC-000663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible exclusión na oferta pública de emprego da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2017 da convocatoria de prazas correspondentes ao corpo de profesores de Música e Artes Escénicas da quenda de acceso libre

[26024](#)

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Aprobación con modificacións

I 4064 (10/PNC-000379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia, en colaboración con outras institucións e entidades sen ánimo de lucro dedicadas á protección dos menores, para desenvolver políticas a prol de previr e acabar coa lacra do abuso sexual infantil en Galicia e as actuacións diante do Goberno español para realizar un cambio necesario na lexislación co fin de que non sexa requisito o consentimento de ambos os proxenitores para a intervención psicolóxica de urxencia

[26024](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 5723 (10/PNC-000553)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o arranxo pola Xunta de Galicia do aparato de raios X do Punto de Atención Continuada de Noia ou a adquisición dun novo aparato para ese centro

[26025](#)

I 5859 (10/PNC-000572)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos relixiosos financiados con fondos públicos no Sistema público de saúde de Galicia [26025](#)

I 5948 (10/PNC-000582)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis**

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia [26025](#)

I 6704 (10/PNC-000677)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis**

Sobre a cobertura polo Goberno galego da totalidade das ausencias dos profesionais do Centro de Saúde de Acea de Ama, en Culleredo, a apertura do novo Centro de Saúde da Avenida do Portádego e a súa dotación dos profesionais necesarios [26026](#)

I 6753 (10/PNC-000681)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actual licitación do contrato para o servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia [26026](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 7 de abril de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 4491 (10/PNC-000431)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a regulación dos mecanismos de planificación e avaliación normativa derivados das recomendacións europeas

BOPG nº 66, do 15.02.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a regular sen máis dilación os mecanismos de planificación e avaliación normativa derivados das recomendacións europeas sobre *better regulation*, dando así cumprimento ao establecido na disposición adicional sétima da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.»

Rexeitamento da iniciativa

- 4393 (10/PNC-000414)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen, e trece deputados/as máis

Sobre a implantación polo Goberno galego dun observatorio cidadán de avaliación de políticas públicas e rendición de contas independente

BOPG nº 62, do 08.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 6970 (10/PNC-000707)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa supresión de cinco rexistros da propiedade na provincia de Ourense, establecida no Real decreto 195/2017, do 3 de marzo
BOPG nº 92, do 29.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 7 de abril de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 5989 (10/PNC-000591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e tres deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da autorización legal necesaria que lles permita ás entidades locais o investimento do seu superávit orzamentario no ano 2017 sen ter que xerar ingresos polo mesmo importe

BOPG nº 79, do 08.03.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que leve a cabo unha revisión do deseño e aplicación da regra de gasto seguindo os criterios e normas aprobados no eido da Unión Europea e tendo en conta criterios de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira das administracións públicas.»

Rexeitamento da iniciativa

- 5666 (10/PNC-000545)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de presentación dunha iniciativa lexislativa de reforma do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no referido ao réxime legal e ás liquidacións do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, ou plusvalía municipal, practicadas polos concellos

BOPG nº 79, do 08.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 5690 (10/PNC-000551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre a xestión do Igape, en particular, das axudas en forma de aval nos exercicios 2011-2013

BOPG nº 79, do 08.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 6255 (10/PNC-000619)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia desde unha perspectiva de xénero, desagregando por sexo os indicadores relacionados coas persoas

BOPG nº 83, do 15.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 11 de abril de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 5064 (10/PNC-000483)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos, e seis deputados/as

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego con motivo da homenaxe no Día das Letras Galegas do ano 2017 ao escritor Carlos Casares Mouriño

BOPG nº 70, do 21.02.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia, con ocasión de dedicárselle o Día das Letras Galegas de 2017 ao escritor Carlos Casares Mouriño, coincidente co 50 aniversario da publicación de *Vento ferido*, insta a Xunta de Galicia a manter as iniciativas de política cultural que contribúan a afondar e a espallar o coñe-

cemento da obra literaria de Carlos Casares, do seu pensamento galeguista e do importante labor que desenvolveu no eido da normalización lingüística, da modernización da cultura e da dignificación da lingua galega, así como contribuír á conservación, divulgación, coñecemento e posta en valor do seu legado material e cívico mais alá do ano 2017, no que se lle dedica o Día das Letras Galegas.»

- 7058 (10/PNC-000721)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para difundir a vida e obra de Domingo Fontán, así como para a conmemoración no ano 2017 do 200 aniversario dos comezos da elaboración da *Carta Xeométrica*. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 92, do 29.03.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a difundir a vida e obra de Domingo Fontán, para o cal establecerá criterios e obxectivos claros de colaboración, tanto coas universidades galegas e outras institucións públicas como coa Fundación Domingo Fontán e a Asociación Domingo Fontán, ademais de conmemorar este ano 2017 o 200 aniversario do comezo da elaboración da *Carta Xeométrica de Galicia*.»

Rexeitamento da iniciativa

- 4913 (10/PNC-000476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre a apertura pola Xunta de Galicia dun proceso de diálogo co sector do teatro para elaborar uns novos criterios que rexan os procesos de selección de actores e actrices do Centro Dramático Galego co fin de garantir o proceso artístico

BOPG nº 70, do 21.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 5162 (10/PNC-000496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación polo Concello de Oia do expediente referido ao proxecto presentado pola sociedade propietaria do real mosteiro de Oia para a súa rehabilitación e conversión un complexo hoteleiro, residencial e turístico

BOPG nº 70, do 21.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 5556 (10/PNC-000533)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a ampliación polo Goberno galego da oferta pública de formación profesional na Costa da Morte, especificamente no referido aos graos da rama agropecuaria, forestal, hostaleira e marítima

BOPG nº 75, do 01.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 6573 (10/PNC-000663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible exclusión na oferta pública de emprego da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2017 da convocatoria de prazas correspondentes ao corpo de profesores de Música e Artes Escénicas da quenda de acceso libre

BOPG nº 87, do 22.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 11 de abril de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 4064 (10/PNC-000379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia, en colaboración con outras institucións e entidades sen ánimo de lucro dedicadas á protección dos menores, para desenvolver políticas a prol de previr e acabar coa lacra do abuso sexual infantil en Galicia e as actuacións diante do Goberno español para realizar un cambio necesario na lexislación co fin de que non sexa requisito o consentimento de ambos os proxenitores para a intervención psicolóxica de urxencia

BOPG nº 57, do 01.02.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«A) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

— Realizar campañas de prevención da desprotección infantil, en especial do maltrato e do abuso sexual.

— Planificar e programar accións formativas en materia de valoración e intervención do maltrato infantil e do abuso sexual infantil.

— Actualizar o Protocolo de actuación en abusos sexuais a menores.

— Desenvolver un programa de asesoramento e coordinación de actuacións na atención do maltrato e o abuso sexual infantil.

B) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para realizar unha revisión da lexislación en materia de consentimento dos proxenitores para garantir a adecuada protección da infancia e garantir o interese superior do menor.

C) Impulsar un programa específico de asesoramento e coordinación de actuacións na atención do maltrato e o abuso sexual infantil, contando coa colaboración de entidades sen ánimo de lucro especializadas en atención e protección á infancia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 5723 (10/PNC-000553)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o arranxo pola Xunta de Galicia do aparato de raios X do Punto de Atención Continuada de Noia ou a adquisición dun novo aparato para ese centro

BOPG nº 79, do 08.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 5859 (10/PNC-000572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos relixiosos financiados con fondos públicos no Sistema público de saúde de Galicia

BOPG nº 79, do 08.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 5948 (10/PNC-000582)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e

interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia

BOPG nº 79, do 08.03.2017

Sométese a votación por puntos a transacción entre a iniciativa e a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 7837:

— Puntos primeiro e segundo: rexeitados por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

— Punto terceiro: rexeitado por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 6704 (10/PNC-000677)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre a cobertura polo Goberno galego da totalidade das ausencias dos profesionais do Centro de Saúde de Acea de Ama, en Culleredo, a apertura do novo Centro de Saúde da Avenida do Portádego e a súa dotación dos profesionais necesarios

BOPG nº 87, do 22.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 6753 (10/PNC-000681)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actual licitación do contrato para o servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia

BOPG nº 87, do 22.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727